

### Obxectivos

O obxectivo desta xornada sobre a modernización da Administración autonómica de Galicia é servir de foro de reflexión, discusión e análise acerca dos retos que se lle presentan á Xunta de Galicia neste comezo de século, a fin de dar resposta axeitada ás demandas crecentes da sociedade á que debe prestar servizo.

As características cambiantes do entorno socio-económico, a existencia dunha forte crise económica, unha sociedade en constante evolución nas súas estruturas, o pulo das novas tecnoloxías e a globalización dos mercados e da información esixen unha nova relación entre os cidadáns e a Administración.

Nesta nova relación, conceptos tales como a transparencia na xestión, a austeridade, eficacia e control do gasto, a interoperabilidade, ou a accesibilidade forman unha parte moi importante do rol que ten que asumir a Xunta de Galicia, e esixirán de toda a súa organización (directivos e persoal) importantes esforzos de adaptación e a necesidade de afondar na súa formación nestas materias.

### Destinatarios

Persoal da Administración autonómica, persoal das restantes administracións públicas presentes en Galicia, interlocutores sociais e interesados en xeral.

**Inscripción:** ver DOG nº 117, do 22 de xuño de 2010

**Información:** <http://egap.xunta.es> e nos teléfonos 981 546 241 e 881 997 014

## XORNADA SOBRE A MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA



# XORNADA SOBRE A MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA

MAÑÁ

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2010

9:30h Recollida da documentación

10:00h **Inauguración da xornada. “A formación como axente modernizador da Administración Pública”**  
Pablo Figueroa Dorrego  
Director da Escola Galega de Administración Pública

10:45h **O anteproxecto de lei de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia**  
Beatriz Cuiña Barja  
Secretaría xeral  
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

11:30h **Descanso**

12:00h **O réxime económico orzamentario e de control**  
Rosa María Pedrosa Pedrosa  
Secretaría xeral e do Patrimonio  
Consellería de Facenda

13:00h **A nova lei da Función Pública de Galicia: principios inspiradores**  
José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública  
Consellería de Facenda

TARDE

17:00h **A eficiencia na xestión pública: A avaliación de organismos dependentes da Xunta de Galicia**  
Jaime Bouzada Romero  
Director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa  
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

18:00h **O desenvolvemento da Administración Electrónica, un dereito dos cidadáns**  
M<sup>a</sup> del Mar Pereira Álvarez  
Secretaría xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica  
Presidencia da Xunta de Galicia

19:00h **Clausura**